UNIDADE 9:A ARTE SÉCULO XIX.
EXERCICIOS DE APOIO.

1. **As seguinte imaxes son obras representativas da arquitectura do século XIX. Identifica cada unha delas, así coma o seu autor e o estilo ao que pertence.**

	Obra 1: **Autor:** **Estilo:**
	Obra 2: **Autor:** **Estilo:**
	Obra 3 **Autor:** **Estilo**
	Obra 4 **Autor:** **Estilo**
	**Obra 5** **Autor:** **Estilo**

2. **O seguinte exercicio é un texto do que están extraídas algúns termos referidos a aspectos técnicos. Intenta completar os ocos co listado de palabras que tés máis abaixo.**

As grandes innovacións da paisaxe impresionista consisten na práctica do plenairismo, ou pintura ao .....e na representación dos aspectos .....da .....(...): a atmosfera máis ou menos húmida, o vento, os reflexos, o mar e o horizonte, o ceo e as nubes, o fume, a néboa, todo o que brilla e desaparece. A principal preocupación é a representación da....., o elemento máis efémero. Será a luz o que impulsará a .....a pintar as súas .....de álamos, palleiros, etc., e a analizar a .....dos obxectos baixo os efectos da luz .....en función das distintas horas e estacións. Os impresionistas empezarán pintando ao aire libre, onde, deslumbrados pola forte luz, tenderán a utilizar .....e intensas. Manet será o primeiro en aclarar a súa....., e deixar de mesturar as cores, tal e coma facían os Románticos. Ademais de abandonar o .....e o claroescuro, ao entrar en contacto cos..... Manet prescindirá da cor..... Posteriormente, para poder representar todo o que se move e cambia, os impresionistas comezan a fragmentar e a .....as cores puras sobre o lenzo. Agora as cores non se mesturan na paleta senón que interactúan entre elas con dúas leis: a .....das cores, e a lei do contraste simultáneo. Empregan tres cores primarias: o vermello, o amarelo e o....., e os seus.....: o....., o violeta, e o laranxa e a cor branca. Xustapoñendo as pinceladas, as cores primarias tórnanse máis vivas, e dúas complementarias reálzanse mutuamente. Estes principios, descubertos intuitivamente polos....., pero demostrados cientificamente por Issac Newton e Eugéne .....

Monet - modelado - luz - xustapoñer - verde - transformación - cores claras - complementarios - aire libre - paleta – Chevreul - series - a pincelada - natureza - negra - mestura óptica - fugaces - azul - cambiante impresionistas

3. **As seguinte frases correspóndense con características dalgún dos estilos arquitectónicos ou das artes plásticas do século XIX. Relaciona cada frase co estilo ao que se refiren.**

a) *Ten un carácter é urbano e burgués e busca unhas formas máis refinadas que as ofrecidas pola produción industrial, compaxinando funcionalidade e beleza nun intento de integración de todas as artes.*

b) *Baséase na exaltación do pasional, invoca o misterioso, a tristeza, a melancolía, recorrendo tematicamente a temas históricos, á exaltación de liberdades, á busca das raíces dos nacionalismos...*

c) *Aglutina a un grupo de pintores, distintos entre si, que trata de buscar novos camiños na pintura partindo dos impresionistas.*

d) *A técnica utilizada consiste en aplicar pequenos puntos ou pinceladas de cores puras, combinadas entre si para recompoñer no ollo do espectador a unidade do ton.*

e) *As súas obras describen ambientes sociais, defenden a liberdade, e proporcionan unha visión exacta da vida, debuxando ambientes humildes e populares, proletarios e campesiños.*

f) *Intenta levar aos volumes á vibración da luz, por medio de superficies rugosas, efectos de inacabado, e multiplicación de ángulos.*

4. **Relaciona as seguintes obras cos seus autores:**

PAXTON

CONSTABLE

VAN GOGH

MANET

MONET

GERICAULT

MILLET

CEZANNE

RENOIR

RODIN

SOLUCIÓNS

1.

Obra 1: Auditorium de Chicago. **Autor:** Sullivan **Estilo:** Escola de Chicago
Obra 2: La Pedrera (Casa Milá**)** **Autor:** Antoni Gaudí. **Estilo:** Modernismo catalán.
Obra3: Casa Tassel **Autor:** Víctor Horta**.** **Estilo:** Modernismo
Obra 4: Parlamento de Londres **Autor:** Barry e Pugin **Estilo:** Neogótico.
Obra5: Biblioteca Nacional, París **Autor:** Labrouste **Estilo:** Arquitectura do ferro

2.

As grandes innovacións da paisaxe impresionista consisten na práctica do *plenairismo*, ou pintura ao aire libre, e na representación dos aspectos fugaces da natureza(...): a atmosfera máis ou menos húmida, o vento, os reflexos, o mar e o horizonte, o ceo e as nubes, o fume, a néboa, todo o que brilla e desaparece. A principal preocupación é a representación da luz, o elemento máis efémero. Será a luz o que impulsará a Monet a pintar as súas series de álamos, palleiros, etc., e a analizar a transformación dos obxectos baixo os efectos da luz cambiante en función das distintas horas e estacións. Os impresionistas empezarán pintando ao aire libre, onde, deslumbrados pola forte luz, tenderán a utilizar cores claras e intensas. Manet será o primeiro en aclarar a súa paleta, e deixar de mesturar as cores, tal e coma facían os Románticos. Ademais de abandonar o modelado e o claroscuro, ao entrar en contacto cos impresionistas prescindirá da cor negra. Posteriormente, para poder representar todo o que se move e cambia, os impresionistas comezan a fragmentar a pincelada e a xustapoñer as cores puras sobre o lenzo. Agora as cores non se mesturan na paleta senón que interactúan con dúas leis: a mestura óptica das cores, e a lei do contraste simultáneo. Empregan tres cores primarias: o vermello, o amarelo e o azul; seus complementarios: o verde, o violeta, e o laranxa e o branco. Xustapoñendo as pinceladas, as cores primarias tórnanse máis vivas, e dúas complementarias reálzanse mutuamente. Estes principios, descubertos intuitivamente polos impresionistas, pero demostrados cientificamente por Issac Newton e Eugéne Chevreul...

3.

a) Arquitectura modernista.
b) O Romanticismo.
c) O Postimpresionismo.
d) O Neoimpresionismo
e) O Realismo.
f) A escultura de Rodin (Impresionismo)

4.

1.REN0IR
2.MANET
3.RODIN
4.CEZANNE
5.CONSTABLE
6.VAN GOGH
7. PAXTON
8.GERICAULT
9.MILLET
10.MONET